Galicia Encantada

20 ANIVERSARIO 2005 ❀ 2025

Enciclopedia de Fantasía Popular de Galicia

Ritos, obxectos, crenzas varias..

CATEGORÍAS RELACIONADAS

O San Cosme da Montaña

O 26 de cada setembro celébrase en Galgao, concello de Abadín (Lugo), a romaxe do San Cosme. Festa de moita sona nas comarcas e concellos lindantes (Abadín e Terra Chá, Mondoñedo, A Pastoriza…) á que todos acudimos algunha vez para pedir axuda na enfermidade, con exvotos e ofrendas.

Parécenos que a mellor descrición que se fixo nunca desta romaxe foi a do médico e poeta mindoniense, Manuel Leiras Pulpeiro, quen lle dedicou en 1895 este poema titulado "Unha festa como hai moitas". Un poema longo, costumista, descritivo mais cargado de ironía e de dardos abondo críticos contra certos hábitos da igrexa e o negocio que se monta arredor destes xuntoiros relixiosos.

Desde o ano 1925 a igrexa onde se celebra a romaxe está a carón do Alto da Xesta e agora da autovía A8, a poucos metros do famosísimo Alto do Fiouco. Daquela, cando M. Leiras Pulpeiro escribiu este poema, o templo estaba no lugar de Os Samordás, non lonxe do actual, na pendente que dá cara ao val de Mondoñedo.

De Mondañedo a unha légoa,

Non curta, por máis que digan;

Á esquerda da carretera

Por que se vai pra Castilla,


Nun monte que hai moi constento,

.....

Poema:“Unha festa como hai moitas” (PDF)

Manuel Leiras Pulpeiro. Obra completa. Estudo crítico de X. L. Franco Grande Fundación penzol, 1970.

Manuel Leiras Pulpeiro, o home que amou a verdade e practicou o ben



A gran relevancia social, política, literaria e profesional da Manuel Leiras Pulpeiro foi ampla e cabalmente estudada e interpretada por numerosos investigadores. O Leiras médico, “o médico dos pobres”, o político, o poeta, o lexicógrafo, o fraseólogo, o etnógrafo, o filántropo, o afeccionado á pintura e á música … . De toda esa ampla variedade de preocupacións e ocupacións dexérgase a coherencia dun home humanista, altruísta, parcial cos desfavorecidos, belixerante cos poderosos.

Manuel Leiras Pulpeiro naceu en Mondoñedo o 25 de outubro de 1854 e morreu na mesma cidade o 9 de novembro de 1912. O 8 de novembro sofre un ataque cerebral e o día 9, sábado, ás 4 da madrugada, morre con tan só 58 anos de idade. Leiras era xa entón un personaxe coñecido pola súa actividade literaria e política, por

ser un médico honesto e moi querido en toda a comarca, e, sobre todo, por ter sona de coherente cos seus ideais republicanos e laicos.

Casara polo civil e o enterro, tamén civil, celebrouse na "parte neutra" do cemiterio municipal o luns, 11 de novembro, ás doce da mañá. Asistiron máis de dous milleiros de persoas e recibiu ducias de coroas e ramos de flores de correlixionarios, colegas, amigos e institucións como a RAG.

Ao enterro asistiu unha multitude do pobo, alcalde e forzas vivas, agás os representantes da igrexa. Mentres a prensa católica local pregoou como advertencia "Deus non irridetur" (de Deus ninguén se burla impunemente), unha pancarta rezaba: "Viva la República de Mondoñedo".

Unha festa como hai moitas (M. Leiras Pulpeiro)

COMENTARIOS ENVIADOS

Grazas, Iolanda. Compartimos esa emoción!

Enviado por Galicia Encantada o 28/09/2017 ás 17:47:29

Gosto muito do médico-poeta mindoniense. Desde há muitos anos tenho um velho livro d poemas de el. Mais aínda nunca visitara a sua cova até este ano. Emocioneime muito e lembrei quanto tería gostado d estar no seu enterro quando aquel bravo povo mindoniense se enfrentou á curia e asistiu multitudinariamente a darlhe o derradeiro adeus. O médico-poeta dos pobres, bem merecia!
Obrigada por esta información.

Enviado por iolanda teixeiro o 28/09/2017 ás 17:41:22